



¿Sabe o que a Europa social pode facer por vostede? Esta foi a pregunta central dunha campaña lanzada pola Comisión Europea co obxectivo de dar a coñecer o traballo realizado pola Unión Europea na área de emprego e asuntos sociais. Tras o éxito da súa presentación en 45 cidades europeas, a Comisión escolleu Santiago como un dos destinos do evento.

Esta iniciativa celebrouse os días 30 de xuño e 1 de xullo de 2010 na Alameda compostelá coa montaxe dunha carpa na que se informou aos cidadáns sobre os programas e actuacións da UE en materia social. Europe Direct A Coruña participou, como centro de información da Comisión Europea, con un stand informativo.

Obxectivos

Os obxectivos xerais desta acción tratan catro eixos temáticos relacionados coa integración e o emprego:

- A inserción laboral de persoas con discapacidade
- A inclusión social
- O fomento do espírito emprendedor
- A mobilidade transfronteiriza

Grupo obxectivo: gran público.

Entidades organizadoras: Comisión Europea, Fundación Galicia Europa e Xunta de Galicia.

Entidades colaboradoras: Xacobeo 2010 Galicia, Instituto Galego de Promoción Económica, Concello de Santiago, Eures, Europe Direct, Enterprise Europe Network

Fechas: 30 de xuño e 1 de xullo de 2010.

Horario: os talleres e coloquios celebráronse en sesións de mañá e tarde desde as 10:30 da mañá ata as 21:00 horas da tarde aproximadamente.

Lugar/es: Santiago de Compostela: Paseo central da Alameda.

Difusión do evento: O evento publicitouse a través de diversas páxinas web, como a da Fundación Galicia Europa, a Representación da Comisión en España, a Asociación de Novos Empresarios de Vigo ou Europe Direct a Coruña, así como a través do e-boletín diario desta última. Ademais, publicáronse notas de prensa en medios de comunicación de ámbito local.



Actividades desenvolvidas

Coloquios:

Mulleres do rural, coa asociación AFAMER

- Experiencias de integración (a inserción laboral das persoas con discapacidade)
- A inclusión social en Galicia. 2010: Ano Europeo de loita contra a pobreza e a exclusión social.

Debates:

- Fomento do espírito emprendedor: Experiencias empresariais emprendedoras, con IMATIA (TIC), VacaFilms (Celda 211) e a casa de turismo rural "O remanso dos patos".
- A mobilidade laboral transfronteiriza: Galicia - Norte de Portugal.
- Proxectos financiados co Fondo Social Europeo.
- A autonomía personal (a inserción laboral das persoas con discapacidade)

Obradoiro sobre creatividade e innovación: ¿É posible emprender sendo novo?

Outras actividades:

- Concerto de Música Barroca. Trío de corda.
- Charla co actor Pablo Pineda.
- Maxia para todos, co Mago Martín Camiña.
- Espectáculo de animación: "Ringo Rango", con Pista Catro.
- Conxunto musical do IES de Ames.
- Espectáculo de animación: "Circo expreso", con Pista Catro.

Programa do evento

Mércores, 30 de xuño de 2010

11.00h Acto inaugural

D. Alberto Núñez Feijoo. Presidente da Xunta de Galicia.

D. Francisco Fonseca Murillo. Director da Representación da Comisión Europea en España.

D. Alfonso Rueda Valenzuela. Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Xunta de Galicia.

Dña. Beatriz Mato Otero. Conselleira de Traballo e Benestar. Xunta de Galicia.

D. Jesús Gamallo Aller. Director Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, Xunta de Galicia.

D. Joseph Jamar. Xefe de Unidade EMPL H3, Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Igualdade de Oportunidades. Comisión Europea.

11.30h Concerto de música barroca. Trío de corda. Sonata de Vivaldi.

12.00h Foro: a inserción laboral das persoas con discapacidade



12.00h Debate: a autonomía persoal

Moderador: D. Modesto Rouco Vilar. Subdirector xeral de Promoción da Autonomía Persoal. Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal. Consellería de Traballo e Benestar. Xunta de Galicia

D. Xosé María Regueiro Otero. Vicepresidente de FEAFES Galicia (Federación de Asociaciones de Familiares y Enfermos Mentales de Galicia).

Dna. Rosa Carrera Carballo. Directora de Formación e Emprego de ASPANAS (Asociación de Pais a favor das Persoas con Discapacidade Intelectual de Ourense)

Dna. Blanca Taboada Penide. Técnico do Servizo de Emprego de Down Galicia na Fundación Down Compostela

D. Ignacio Rodríguez Sáez. Secretario xeral de COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade)

Dna. Mar Martín García. Concelleira delegada de Benestar Social e Igualdade. Concello de Santiago de Compostela.

12.45h Coloquio: experiencias de integración

D. Luís Penido. Xerente do centro especial de emprego TRAMEVE S.L., de Santiago de Compostela.

Dna. María Jesús Pérez Piñeiro. Traballadora.

D. Pablo Justo Reza. Traballador.

D. Óscar Rodríguez Montesinos. Traballador.

13.15h Charla co actor Pablo Pineda

16.00h Espectáculo: maxia para todos. Mago Martín Camiña.

17.00h Debate: fomento do espírito emprendedor

Moderador: D. Jorge Barros de la Peña. Subdirección xeral de Apoio á Contratación, aos Emprendedores e ao Traballo Autónomo. Dirección Xeral de Promoción do Emprego. Consellería de Traballo e Benestar. Xunta de Galicia

Dna. Ana María Díaz López. Directora xeral de Formación e Colocación. Consellería de Traballo e Benestar. Xunta de Galicia.

D. Norberto Penedo Rey. Subdirector del Área de Financiación del Instituto Galego de Promoción Económica. Consellería de Economía e Industria. Xunta de Galicia (IGAPE-BIC GALICIA).

Dna. María Eugenia Pérez Fernández. Subdirectora xeral de Orientación Profesional e Relación coas Empresas. Consellería de Educación. Xunta de Galicia.

D. Gustavo Marcos Cancelas. Xerente de Uninova, incubadora de empresas *spin-off* universitarias dentro do programa Uniemprende da Universidade de Santiago de Compostela.

Dna. Araceli de Lucas Sanz. Directora do Servizo de Información Europea.

Enterprise Europe Network. Confederación de Empresarios de Galicia.

17.45h Coloquio: experiencias empresariais emprendedoras

D. Eduardo Carmena Sitjá. Conselleiro delegado de IMATIA, empresa de Base Tecnolóxica.

Dna. Natacha López del Río. Responsable do hotel rural en Nogueira de Ramuín (Ourense)

D. Borja Pena. Productor executivo de Vaca Films (productora da película Celda 211)

18.30h Charla – coloquio: mulleres do rural

Problemas e perspectivas de futuro. Dna. Pilar Iglesias Osorio. Presidenta da Asociación AFAMMER, de mulleres rurais.

19.30h Espectáculo de animación “Ringo-Rango”. PistaCatro.



Xoves, 1 de xullo de 2010

10.30h Taller sobre creatividade e innovación É posible emprender sendo novo?

D. Belisario Sixto San José. Profesor CIFP Ánxel Casal. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia.

11.30h Conxunto musical do IES de Ames

12.00h Debate: mobilidade laboral transfronteiriza

Moderador: D. Xosé Lago García. Subdirector xeral de Acción Exterior e de Cooperación Transfronteiriza. Xunta de Galicia.

D. Nuno Almeida. Coodinador portugués de la Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal. Comissao de Coordinacao e Desenvolvemento Regional do Norte de Portugal.

D. Xoan Vázquez Mao. Secretario General del Eixo Atlántico do Noroeste peninsular.

Dña. Teresa González Ventín. EURES-T Galicia-Norte de Portugal.

D. Xabier Martínez Cobas. Profesor de Economía Aplicada. Universidade de Vigo.

Dna. María José Cortés Jiménez. Servizo de Observatorio Ocupacional. Consellería de Traballo e Benestar. Xunta de Galicia.

D. José Manuel Maceira. Asesor da Confederación de Empresarios de Galicia.

13.30h Espectáculo: maxia para todos. Mago Martín Camiña.

16.30h Debate: fondo social europeo e inclusión social

Moderador: D. Daniel López Muñoz. Subdirector xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais. Xunta de Galicia.

Dna. Lucía Fraga. Técnico del CETMAR. Proxecto SEREA.

D. Manuel Vázquez Sesmonde. Xefe de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea. Diputación da Coruña. (Proxecto XIANA)

D. Xosé Manuel Iglesias. Concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego e Comercio. Concello de Santiago de Compostela (Proyecto EQUAL)

D. José Luis Villasante. Director Xeral de Galega de Economía Social.

Dna. Dolores Romero. Coordinadora da rede de equipos de inclusión sociolaboral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

D. Jacques Huchet. Representación da Comisión Europea en España

18.30h Espectáculo de animación “Circo expreso”. PistaCatro.

20.30h Cerre da campaña

Inscripción e asistencia

Non era necesaria a inscrición previa, polo que aqueles que o desexaron puideron acceder libremente ao recinto e participar en todos os actos e actividades desenvolvidas. A asistencia aproximada ao evento foi dunhas 8.000 persoas.



Difusión de resultados

A difusión da campaña realizouse a través da páxina web do evento na sección de Actividades do ciber-relay, sección accesible desde a páxina principal da Deputación da Coruña.

http://www1.dicoruna.es/ipe/actividades_2010/Europa_Social/Europa_Social.htm

O evento foi difundido entre os usuarios habituais do centro de información a través do e-Boletín Europe Direct, cunha serie de aparicións graduadas.

No seu stand informativo Europe Direct A Coruña contaba cunha serie de material impreso de diverso tipo, ao dispor dos asistentes, que versaba sobre múltiples temas:

– GUÍAS TEMÁTICAS:

Guía de recursos para profesores en materia da UE.
TRAVEL PET Guía práctica para viaxar coa súa mascota á UE ou dentro dela.

– FOLLETOS INFORMATIVOS:

Períodos de prácticas nas institucións e axencias UE
A diversidade cultural europea, a un so 'click' gracias a Europeana

– OUTRAS PUBLICACIÓNS:

Buscar emprego na Unión Europea: ligazóns útiles
Concursos e premios abertos da Comisión Europea
2010 Ano Europeo de loita contra a pobreza e a exclusión social
A revisión da Política Pesqueira Común (2008-actualidade)

Ademais, o equipo do centro tamén resolveu as dúbidas do público sobre os programas e actuacións da UE en materia social. Entre as consultas destacan aquelas realizadas por mozos sobre os diversos programas de mobilidade da UE e as do colectivo docente acerca dos recursos educativos dispoñibles sobre temas europeos.

En canto ao perfil de público asistente, cabe destacar o interese na materia mostrado tanto polos mozos como pola terceira idade.

Fotografías

Campaña ¿Sabe o que a Europa social pode facer por vostede? 30 de xuño e 1 de xullo de 2010



ACTO INAUGURAL coa intervención do Presidente da Xunta de Galicia **Alberto Núñez Feijoo**, e do Director da Representación da Comisión Europea en España **Francisco Fonseca Morillo**.



FORO: "A inserción laboral das persoas con discapacidade". Conversación co actor **Pablo Pineda**.



DEBATE: "Proxectos financiados co Fondo Social Europeo", coa intervención de **Manuel Vázquez Sesmonde**, Xefe do Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e Director de EUROPE DIRECT A CORUÑA.



RED DE INFORMACIÓN
PUNTO DE INFORMACIÓN EUROPEA
DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA



STAND INFORMATIVO: Europe Direct A Coruña.